

RESOLUCIÓN REITORAL DE 8 DE OUTUBRO DE 2018 POLA QUE SE INICIA O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS X PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

A Universidade de Vigo, mediante esta Resolución Reitoral, anuncia a concesión dos seus premios anuais á Excelencia Deportiva a quen, de entre o alumnado, máis destacara considerando a traxectoria deportiva e a súa conciliación coa vida académica durante o curso 2017/2018.

Concederanse seis distincións, aos tres alumnos e ás tres alumnas da Universidade de Vigo co mellor rendemento conxunto nos dous aspectos. Os premios consistirán nun recoñecemento público mediante diploma acreditativo e a entrega dun motivo conmemorativo.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria presentarán as súas solicitudes, segundo o modelo correspondente (Anexo I) nun prazo de 15 días hábiles contados a partir do día de publicación desta convocatoria.

A Comisión encargada do proceso de avaliación estará composta por:

- A Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria ou persoa en quen delegue.
- A vicerreitora do campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- O vicerreitor do campus de Pontevedra ou persoa en quen delegue.
- O xefe do Servizo de Extensión Universitaria que actuará como Secretario.

Para o desenvolvemento do seu labor, esta Comisión elaborará un documento que permita avaliar de forma obxectiva os méritos aportados e nos que se incluírá os seguintes aspectos:

- traxectoria deportiva nos anos 2017 e 2018
 - o no ámbito universitario en representación da Universidade de Vigo
 - o no ámbito das competicións oficiais (federado)
- rendemento académico nos cursos 2016/17 e 2017/18.

Unha vez reunida a Comisión e seleccionadas as persoas galardoadas publicarase a Resolución Reitoral coa decisión definitiva da Comisión.

Os gastos ocasionados pola organización dos devanditos premios irán con cargo á partida orzamentaria 2018 00EU 211EDEP 22699 ata un importe máximo de 1500 €.

Vigo a 8 de outubro de 2018

O REITOR

(Por delegación R.R 28/06/2018)

A Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria



Natalia Caparrini Marín

Dilixencia para facer constar que esta resolución se pública o 8/10/2018 no taboleiro de anuncios dos Servizos Centrais



Lillian Álvarez García

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS X PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

A Universidade de Vigo, por Resolución Reitoral de 8 de outubro de 2018 pola que se inicia o procedemento de concesión dos X Premios á Excelencia Deportiva, anuncia a concesión dos seus premios anuais á Excelencia Deportiva a quen, de entre o estudantado, máis destacara, considerando a traxectoria deportiva e a súa conciliación coa vida académica durante o curso 2017/2018.

Concédense seis distincións, aos tres alumnos e ás tres alumnas da Universidade de Vigo co mellor rendemento conxunto nos dous aspectos. Os premios consistirán nun recoñecemento público mediante diploma acreditativo e a entrega dun motivo conmemorativo.

Datos persoais

Nome e Apelidos:	
DNI:	
Centro:	
Dirección:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	

Expoño que cumpro os requisitos da convocatoria para participar nestes premios, polo que xunto o meu currículo deportivo a esta solicitude.

Solicito

Se teña en conta a miña solicitude para optar aos premios de excelencia deportiva da Universidade de Vigo.

Vigo a de 2018

Asinado:

Documentos que se achegan: Currículo deportivo.